MARUXÍA Nº 4



A. C. OS MATOS
I.E.S. PERDOURO

PRESENTACIÓN

Xa queda pouco tempo para que dende a secretaría do noso Instituto poidamos solicitar praza en universidades ou escolas universitarias, matricularnos na selectividade, enterarnos das notas medias esixidas para iniciar carreiras ou dispoñer de toda a información sobre Ciclos Formativos e Bacharelatos impartidos en calquera lugar de Galicia.

Esto será posible gracias á aplicación das novas tecnoloxías no campo das comunicacións con redes que enlacen ordenadores e que permiten o intercambio e aproveitamento de información.

É bo empregar técnica avanzada, pois facilita a execución e celeridade en moitos traballos; pero é máis importante contar con alumn@s que, despois de pasar uns anos no centro, inician a súa vida profesional ou continúan estudios superiores cun nivel de cultura, solidariedade, autonomía e competencia propios de alguén que estudiou e se desenvolveu no sitio adecuado, contando sempre coa axuda dos profesor@s e medios dos que dispoñemos no I.E.S. PERDOURO.

Para facer máis agradable a estancia no centro xorden iniciativas como a da revista "MARUXÍA"que un ano máis aparece coa elegancia e rigor que a caracterizan.

Noraboa, ós autor@s dos artigos, colaborador@s e mesa de redacción.

Sen perda de tempo pasemos a disfrutar coa súa lectura.

Unha aperta

Alfredo Llano García

MESA DE REDACCION

Juán Bernardez
Paula Fernández
Manuel García
Antón Niñe
Renata Otero
Paula Salgueiro

PROFESORES

Ramón Torrado

COLABORADORES

Nieves Cando
Cándida Castro
Esther Rodríguez
Jose Luís

IMPRIME: Gráficas ARFE - Burela
Teléfono: 982 58 05 04
D.L.: LU - 168 - 99

SUMARIO:

ESTAMOS DE "CUMPRE" Páx. 4, 5, 6 **COÑECER A . . . Páx. 7, 8** TRISTURA Páx 9 **FUMOS MEDRANDO Páx. 10, 11** OLLÁNDOTE Páx. 12 **A VENDA . . . UN FRAUDE Páx. 13, 14, 15, 16** QUEIXATE DO QUE QUEIRAS Páx. 17 **OS MEUS LECTORES Páx. 18, 19, 20, 21** PISANDO FORTE Páx. 22, 23, 24 **FREEDOM Páx. 25** CAMIÑANDO POLO XISTRAL Páx. 26, 27, 28 **OVNIS Páx. 29, 30** QUEIMÁDEME Páx. 31, 32 **EU GRAVO Páx. 33, 34** BLANCO TORRES Páx. 35, 36 **EN RUTA Páx. 37, 38, 39, 40** PASATEMPOS Páx. 41, 42.

cargo de director:

César Aja Mariño:	1978-1986
José Veiga Candia:	1986-1990
M.ª Fe Fernández Otero:	1990-1992
Carmen Fernández Moreda:	1992-1994
Alfredo Llano García:	1994

No mes de xuño de 1986 queda formado o Consello Escolar, do que forman parte o Director, o Xefe de Estudios, e representantes dos profesores, alumnos, pais de alumnos, persoal non docente e do Concello.

Unha experiencia novidosa ten lugar en 1987: a edición conxunta dunha revista dos distintos centros de Fommación Profesional da Mariña (Viveiro, Burela, Foz e Ribadeo) No sumario do primeiro número podemos ler "...según el acuerdo rotatorio adoptado por los Institutos da Mariña, la presente edición ha sido realizada por el Instituto de Fommación Profesional de Burela".

Pasan uns anos e no mes de decembro de 1993 xorde a idea da creación dunha sociación cultural no seo do Instituto. Así o reflexa a acta de constitución: " Os profesores do Instituto de Formación Profesional de Burela, vendo a necesidade de realizar actividades culturais no centro, e respondendo a suxerencias de alumnos, toman a iniciativa de constituir unha Asociación Cultural". No mes de xaneiro de 1994 redáctanse os estatutos e en febreiro queda inscrita no Rexistro Provincial de asociacións co nome de " Asociación Cultural Os Matos".

Con motivo da aplicación do novo sistema educativo, o Instituto acorda impartir clases de Educación Secundaria Obrigatoria (ESO) no curso 1993-1994. Deste xeito, periodicamente vai desaparecendo a rama de FP de Electrónica e collendo forza o Ensino Secunda rio Obrigatorio. As ramas de Metal, Administrativo e Perruquería continúan ó seu ritmo.

No curso 1995-1996 o centro oferta o primeiro ciclo medio da nova Lei de Educación: Ciclo Medio de Electrónica (E quipos Electrónicos de Consumo).

Un ano mais tarde (1996-1997) danse a coñecer as distintas adscricións de colexios públicos a institutos de ensino medio. O "Colexio Público Virxe do Carme" queda adscriito ó noso centro.

A oferta educativa continúa ampliándose, e así, temos que no curso 1997-1998 o instituto conta con dous ciclos superiores: desenvolvemento de Productos Electrónicos e Administración e Finanzas.

Tamén neste curso é cando se lle pon nome ó centro. Despois de escoitar diversas opinións, o Consello Escolar decide poñerlle o nome de " Perdouro", quedando como nome oficial: "Instituto de Educación Secundaria " Perdouro".

E no curso actual as novidades son varias. Por unha banda a incorporación de alumnos e profesores de 1° e 2° de ESO ó noso centro, que por motivos de falta de espacio ben desenvolvendo a súa actividade nas dependencia do "Colexio Público Vista Alegre ", e por outra banda a oferta de novos ciclos medios: Mecanizado e Perruquería.

Despois destes cambios e reformas, os datos relativos o presente curso podemos resumilos así.

-Alumnos....603
-Profesores.. 58
-Cursos,..... 27

- 1°, 2°, 3° e 4° de ESO
- 1° e 2° de BACHARELATO (Tecnolóxico e Ciencias Sociais)
- 2° de FP1 (Metal e Perruquería)
- 1°, 2° e 3° de FP2 (Metal e Administrativo)
- Cidos Medios:
  - Perruquería
  - Metal
  - Equipos Electrónicos de Consumo
- Ciclos Superiores:
  - Administración y finanzas
  - Desenvolvemento de Productos
  - Electrónicos

Antón Niñe
-Xaneiro 1999-



COÑECER A . . .

Como introducción diremos que isto tan só son algunhas enquisas feitas a tres mestres do centro: - MAROÑO, RAMON (Inglés), RAMON (Matemáticas). Algúns preguntaranse; ¿por que a eles?. A verdade é que non o sabemos. En principio dixemos que queriamos dar unha nota de distinción a esta revista e tamén de humor e así saíron. O caso é que o que empezou coma unha simple enquisa rematou sendo unha agradable e incluso divertida conversa.

RAMON (Inglés): "SON MOI TIMIDO"
MAROÑO: "DEDIQUESTE O Q UE TE DEDIQUES, SÉ UN PROFESIONAL "
RAMON (mates): "QUEN ME DEFINA TEN UNAPROBADO"

A enquisa consistiu, en principio, en dez preguntas iguais para os tres e despois sete individuais. Nas comúns enumeraremos ó de inglés por un "i", a Maroño por un "l", e ó de mates por un "m".

COMUNES:

1. ¿Doce ou salgado?
- i: Doce.
- l: Doce
- m: Salgado.

2. ¿Día ou Noite?
- i:Noite.
- l: Día.
- m: Noite, con maiúsculas.

3. Unhas vacacións; ¿Cancún ou un Mosteiro Tibetano?
- i: Mosteiro Tibetano.
- l: (Risas); Por suposto que Cancún.
- m: Mosteiro Tibetano.

4. Defínete en dez Palabras.
- i: Timido, optimista, alegre, triste, serio, romántico, idealista, artístico, inseguro, comprensivo.
- l: Ostia.., ¿como profesor ou... ?. É moi dificil. ¿Persoalmente?. Son unha persoa que ,- xa van catro- aprecia, -cinco-(ja, ja)-, que aprecia o matiz, a discrepancia e o bo. (Nótase que dá literatura).
- m: A primeira, non sei, ¿cantas van?..., quen mo diga ten un aprobado.(Risas).

5. Se foras a unha illa deserta, ¿que levarías?
- i: Música e libros.
- l: (pensa)..., iAugal,..., crema solar, (inxenioso), e un billete de avión para volltar.
- m: (pensa)...Non iría, (ja, ja), en serio, tería moitas causas.

6. ¿Cantas veces te afeitas á semana?
- i: Tres.
- l: ¿á semana.?, tres veces. Máis non podo por problemas coa pel; e malamente sempre deixo tres ou catro peliños.
- m: Cando me afeito, un par de veces.

7. Se fose o derradeiro minuto do mundo. ¿En que o empregarias?.
- i: Ir correndo a xunto da xente que quero.
- l: Sexo, sexo... (gargalladas xerais), ¿evós non?
- m: ¿O derradeiro minuto?... (pensa)... o derradeiro minuto..., esperaría por se acaso..., (ja, ja), ía dicirche que me pegaría un tiro... pero, ben... esperaría

8. Puntúa do 1 ó 3 os apartados dos tres puntos seguintes:
- i: a) Traballo :3 Satisfacción persoal, 2 entendemento cos colegas, I entendemento cos alumnos.
  b) Ocio: 1 T.V, radio, lectura, 3 deportes, 2 amigos
  c) Persoal: 3 aseo, 1 moza, 2 pais.
- l: a) Traballo: 1 satisfacción persoal, 3 entendemento cos colegas, 2 entendemento cos alumnos.
  b) Ocio: 1 T. V, radio, lectura, 3 deportes, 2 amigos.
  c) Persoal: 3 aseo, 2 moza, 1 pais
- m: a) Traballo: 1 satisfacción persoal, 3 entendemento cos colegas, 2 entendemento cos alumnos.
  b) Ocio: 3 T.V, radio, lectura, 1 deportes, 2 amigos.
  c) Persoal: 2 aseo, 3 moza, 1 pais.

9. ¿Espido ou con pixama?
- i: Espido.
- l: Espido.
- m: Espido.

10. ¿Oue tal a túa primeira vez.., no instituto?
- i: (Corte total)..., -¡no instituto!, Ah, moi ben.
- l: ¿de clase?... (ja, ja)... ¿cos alumnos?, (ja, ja).. Agradable. Foi en Estados Unidos o Primeiro Ano. Alucinante porque lles din clase sen saber inglés.
- m:¿porque lles dei clase sen saber inglés xa supoñía,..., no instituto.. . Coma todas, nin ben, nin mal. Non teño ningún recordo especial.

INDIVIDUAIS:

RAMON, (INGLÉS): "SON MOI SERIO".

1. ¿Latina ou Anglosaxona? ¿de clase?... (ja, ja)...¿cos alumnos?, (ja, ja)...Agradable. Foi en Estados Unidos, o primeiro ano. Alucinante
- Empate, teño que dicir.

2 ¿Ollos Azuis ou Negros?
- Negros.

3 Lingua, ¿Inglesa ou galega?
- Tamén ten que ser empate.

4 ¿Seriedade ou Cachondeo?
- Seriedade, son moi serio.

5 ¿Persoal ou privado?
- Persoal.

6 ¿Como sempre ou diferente?
- Diferente.

7 ¿ Nove semanas e media ou Liberade a Willy?
- (sorriso), nove semanas e media.

MAROÑO: "SE NON.. DA CLASE.. DE XIMNASIA".

1. ¿Cantas veces tinxes o pelo ó ano?
- Dúas veces; a primeira foi por unha media aposta, e a segunda, porque tiña uns peliños feos.

2 ¿Cervantes ou a Play-boy?
- Cervantes, é moito máis excitante.

3 ¿Mestre ou Colega?
- Mestre.

4 ¿ Sharon Stone ou a ministra de cultura?
- Sharon por mil razóns, por unhas bonitas tetas... e a ministra tenas no medio do embigo.

5 ¿Utilización da lingua; tema preferido, mellor utilización?
- (gargalladas)... unha utilización... unha utilización para satisfacer as inquedanzas de todo tipo.

6 Similitude na vida cotiá: (procedemento de atraque do barco no porto):
- Chegada ó claustro de profesores, - (Nós non iamos por aí).

7. A pluma...¿sempre no tinteiro?
- (Risas), sí, por suposto, sempre que quede tinta.

RAMON (Mates): "NON SEI DEFINIRME".

1. ¿Gústache "Jarabe de Palo"?
- Si, si me gusta; ¿como non?, que remedio, pero non é a miña música preferida.

2. ¿Dixéronche algunha vez que te parecías a Pau Dones?
- Pois si, pero xa antes de chegar aquí.

3. ¿Que champú usas?
- Pantene pro-v.

4. ¿Vistes así para ir "ó loro" cos alunmos ou porque che gusta?
- Non, non, porque así reflexo a miña forma de ser, visto así na casa, e aquí, para recoller un premio, se me toca, ou para dar unha conferencia que xa dei.

5. Todo depende, pero...¿de que depende?
- Depende..., da sociedade.

6. ¿Que prefires?, o resultado do cociente de 100 entre 100 ou o resultado da raíz cúbica de 1342 por 16 entre 24?
- Prefiro saír de copas, (Risas).

7. As contas: ¿Claras ou con marxe de erro?
- As contas sempre con marxe de erro.



Desolado estou, pois utlízasme,
Quero rir e non podo, ¿por qué?.
As bágoas deslízanse acariciándome,
E creo que é a túa man e esperto.

Recordos tristes
teño de ti,
soños ilóxicos, noites en vela.
A miña alma só busca descanso,
quero matarme e limítome a pensa-lo.
Non é que non queira,
e que non podo
porque penso en ti
e non quero face-lo.



Dúas irmás pasean da man
e o que unha comeza a outra remata.
Para uns son doces e para outros amargas.
A unha téñenlle medo e a outra aprecio,
e que a morte e a vida
son irmás, e diredes que non son sincero.

FUMOS MEDRANDO

Do C.P. de E.X.B. ó C.E.I.P. "VIRXE DO CARME"

O colexio "Virxe do Carme" de Burela era o único centro de ensino que había no pobo ata que, no ano 1985, foi construido o "Vista Alegre".

O "Virxe do Carme" fundouse no 1961, á cabeza estaba o director Xosé Antonio Barcia, á que lles seguiron Enrique Peinó, Carmen Iravedra e dendo o 85 ata agora, Manuel Fernández.

Nos seus comezos dispoñía de catro pequenas aulas denominadas hoxe "Escolas Vellas", cada unha dirixida por un mestre. Destas, dúas estaban ocupadas por rapaces, e as outras por rapazas. Pouco a pouco foi aumentando o seu número de edificios, construíndose no ano 72 o bloque principal (dirección e secretaría) onde se atopaba o segundo comedor, agora salón de actos, xa que o primeiro instalaranse antes do ano 70 nas "Escolas Vellas".

No 1978 fixose o edificio do "Ciclo Superior" que desde un principio contaba con laboratorio e ximnasio. Mais tarde uníronse as aulas de tecnoloxía (1985/86) e informática (1992). Por último, no ano 1980 construiuse o edificio do Ciclo Medio, máis coñecido como "edificio roxo".

Os datos da poboacón escolar do colexio son:



Como podemos observar, a disminución mais grande producese no ano 1.985 coa apertura do "Vista Alegre" e no ano 1.998 coa reconversión en C.E.I.P. e o traslado dos alumnos de E.S.O. ó "I.E.S. Perdouro". A esto tamén se suma un gran descenso de natalidade. Todo isto supuxo un elevado número de aulas libres, utilizadas para diversas actividades como: clase de idiomas, música, relixión . . .

O colexio tamén conta con xornal, "Nordes", elaborado e publicado tres veces ó ano polos alumnos do centro.

MARÍA PLATERO PRADO
RAQUEL URBANO LÓPEZ
MIRIAM TROBO MASEDA
ROMINA RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ
2.º E.S.O.

OLLANDOTE

Uns vinte anos antes da súa morte, mira Alvaro Cunqueiro fixamente ó obxectivo da cámara que capta un segundo dos seus setenta anos de vida. Viste todo de branco e a chaqueta solta unha queixa cinxíndose ó botón axustado á forza. A cabeza, chea dunha imaxinación desatada, sae fóra da coiraza alba coa expresión fría nos ollos e un momentáneo pasmo infantil nos beizos. O cabelo está ben peiteado e a pose, de aparente serenidade dentro dunha certa tensión, é a dun home entrado en carnes e anos dun xeito elegante, pulido. O intelectual7 con gafas tipo Castelao e respaldado por sólidas ringleiras de libros ben encadernados, amosa a súa exquisitez coa portada dun poemario de Holderlin, demostrando estar avanzado na súa apreciación do romántico alemán.

Chega a vista, finalmente, ás mans do escritor: no camiño da luz, a man esquerda parece nobre e aguanta a peza de arte que serve de escudo de armas literarias, as credenciais dun admirable degustador e creador de beleza. Pola contra, a escura e inchada man dereita trae o acre recordo dos escabrosos istas do mindoniense: fascista, racista, machista... Queda así reflectada na imaxe a humana dualidade do home e do artista.

A VENDA DE INESPAL: UNHA FRAUDE

O complexo industrial da factoría de San Cibrao formouse pola unión das compañías de ALUMINA ESPAÑOLA S.A. e ALUMINIO ESPAÑOL S.A. e isto deu como consecuencia o nome de GRUPO INESPAL, segundo consta no Instituto Nacional de Industria.

As compañías ALUMINA ESPAÑOLA e ALUMINIO ESPAÑOL teñen unha capacidade de producción de 1.000.000 de toneladas de alúmina e 200.000 toneladas de aluminio primario, respectivamente. O grupo INESPAL, en total, ten unha capacidade de producción de 350.000 toneladas de aluminio primario, que despois será transformado noutros complexos industriais.

O plantel de traballadores do complexo industrial é de 1.730 persoas, distribuídas en xefes, enxeñeiros e operadores.



ALUMINA ESPAÑOLA e ALUMINIO ESPAÑOL empezaron a producir en 1.979 e é agora, en 1.998, cando maior é a demanda de productos derivados do aluminio, cando o gobemo de España decide vender a empresa a unha compañía norteamericana, chamada Alcoa, que é a maior compañía de producción de alumnio do mundo. Foi vendida por 60.500 millóns, pero non só a factoría de San Cibrao, senón tamén as compañías de Asturias, Alxeciras e Madrid. Todo un complexo industrial que tiña un valor total de 278.000 millons de pesetas foi vendido.

INESPAL dominaba todo o mercado europeo e Alcoa non tiña case ningún cliente; ó mercala faise cunha clientela europea e coa totalidade da clientela mundial, converténdose, así, nunha especie de monopolio do alumnio. Os obreiros de INESPAL, ó coñecer a noticia, estaban aterrorizados, polo menos a maioría, porque o que acostuman a facer estas empresas é mercar a industria e logo trasladala a outros países como Brasil onde a man de obra é máis barata; o temor dos obreiros é que fagan isto con INESPAL e así perder os seus postos de traballo.

Amais, sabendo que a idade media dos obreiros é de 47 anos, a maioría tería problemas para buscar outro emprego. Falando deste tema cunha persoa do comité de empresa de INESPAL díxome que todos estaban preocupados pero que a venda xa se fixo e agora o único que se pode facer é traballar e producir beneficios para que estean contentos os de Alcoa.

Agora sábese, sobre o tema de trasladar a empresa a outro lugar, que non era certo, porque os de Alcoa se verían nun grave apreto para o transporte do aluminio desde un país que non fose europeo. Élles máis fácil investir nesta empresa e modernizala que construír outra nova.



Sabemos tamén que os beneficios actuais de INESPAL son duns 25.000 miilóns ó ano, o que supón, despois da Citroen de Vigo, a maior empresa de beneficio de Galicia. Na curta idade da empresa só podemos dicir que pasou apuros cando un buque chamado Casón causou a perda de producción e decenas de obreiros foron despedidos por facer folga. Este buque contiña uns bidóns con productos químicos que alertaron a toda a Mariña de Lugo. Pero exceptuando ese ano, 1.985, a empresa sempre tivo beneficios.

A factoria máis importante do grupo INESPAL é a que se atopa aquí, en San Cibrao. É a máis grande e a que produce o aluminio, pois as demais só o transforman.

Tamen sabemos que agora os xefes de INESPAL propuxeron ós obreiros traballar doce horas consecutivas, facendo dous días de noite, dous de tarde, dous de mañá e, logo, catro días libres; pero foi unha proposta rexeitada pola maioría dos traballadores, que non estaban dispostos a traballar tantas horas seguidas.

INESPAL move ó ano un volume económico de 148.500 millóns de pesetas, sendo por isto a quinta empresa española que máis diñeiro move. Ten moitos gastos, pero tamén moitos ingresos, o seu maior gasto é o consumo de enerxía, a cal procede case na súa totalidade da Compañía Eléctrica de As Pontes de García Rodríguez, que cede máis da metade da súa producción eléctrica a INESPAL. Tamén ten outras dúas compañías que lle suministran electricidade, que son a Hidroeléctrica do Sil e a Presa de Río Cobo. Ten en proxecto suministrarse ela mesma de enerxía facendo unha planta de Enerxía Maremotriz nunha praia que ten anexa.

En canto ó seu impacto ambiental, que si o ten, é unha empresa que o trata bastante ben, anque podería melloralo. Sabemos que as chemineas que botan tanto fume contaminan moi pouco debido a que teñen dous filtros que fan que o cloro que leva o fume se disolva antes de chegar á capa de ozono. Tamén producen uns resíduos que depositan nun lugar chamado Barros Vermellos; estes resíduos contaminan moito e necesitan gran espacio para almacenarse, pero agora descubriron que con eles se poden fabricar tixolos para unha construcción de mellor calidade; por iso, constuíron unha planta para facelos e así eliminar os resíduos dunha forma limpa e que non contamine.

A empresa pode dividirse en tres grandes zonas: o porto de carga e descarga, a zona de Alúmina e a zona de Aluminio. Delas, a maior é a do porto, que é o terceiro máis grande de Galicia, despois dos de A Coruña e Vigo, coa diferencia de que o desta empresa é privado. Aquí os barcos descargan a bauxita traída da Guinea africana e cargan alúmina ou aluminio para transformalos.

Na parte de Alúmina, mediante procesos químicos, transforman a bauxita en alúmina e esta, á súa vez, é transformada en aluminio na planta de Aluminio. Podemos dicir tamén que de catro toneladas de bauxita se sacan dúas de alúmina e que de dúas toneladas de alúmina se saca unha tonelada de aluminio; polo tanto, son necesarias catro toneladas de bauxita para sacar só unha tonelada de aluminio.

Actualmente a empresa está contratando xente nova para ir xubilando ós máis vellos e rexuvenecer o plantel, que como xa dixemos é moi vello.

A empresa conta, ademais, con servicios médicos propios, comedor, centro de investigación e unidades de vehículos ó servicio da empresa. Ten tamén algunhas pequenas empresas afiliadas que traballan para ela.

JACOBO TEIXEIRA PALMEIRO
3.º ADMINISTRATIVO



QUEIXATE DO QUE QUEIRAS:

A raíz dunhas cantas preguntas que repartimos polo centro, moita xente queixouse do que en realidade lle importa. Participaron entre outras aulas: Segundo de Metal, Cuarto da ESO A, Segundo Ciclo de Electrónica, Cuarto de Administrativo, Cuarto da ESO B, Ciclo Superior de Administrativo, e Quinto de Administrativo.

ALUMNOS:

- Falla de fusibles nas clases, tendo que dar as últimas horas a escuras.
- Creo que Técnicas de Comunicacións deveríamos dalas tamén en Cuarto e en Quinto de Administrativo, porque, ¿cómo imos a acordarnos da materia dada en primeiro?
- Falla de Severidade por parte de algún profesor.
- A biblioteca, non debe ser aula de clase, e cando exerce como tal, non ai ninguén encargado.
- Cada mestre pensa que é o único dando a materia, non conta que temos moitas máis.
- Maior facilidade para excursións.
- Instalacións insuficientes.
- Demanda de xornada intensiva.
- Falla de persoal cualificado.
- Falla de espacio nas instalacións.
- Cupo de fotocopias moi baixo por alumno e asignatura, ademáis éstas son unha estafa, ¡baixar os prezos!, para iso facemo-las fora que son de mellor calidade.
- O papel hixiénico ademáis de ser insuficiente, cando o ai é moi irritable.
- Falla de periódicos na biblioteca.
- Queixome da pasividade dalgún profesor.
- Queixome do fume de tabaco nos baños e no interior do recinto ¿qué pasa cos que somos fumadores pasivos?.
- Condicións de traballo moi malas, mesas e sillas, que noxo mirar para elas, en realidade este material é moi deficiente.
- Na aula once soamente ai una ilera de luces, coido que se esqueceron da outra.
- A calefacción, soamente a encenden cando no fai falla, ¿e iso posible?.

MESTRES:

- Falla de educación dalgúns alumnos.
- Comportamento que deixa que desexar por parte dos alumnos.
- Alumnos indisciplinados, moi vagos e maleducados.
- Fúmase demasiado no centro.
- Falla de mestres, de aulas, de material, de zoas deportivas, de laboratorios e de xardíns coidados.
- Falla dunha biblioteca en condicións.
- Falla dunha cafetería dentro do recínto escolar.

ÓS MEUS LECTORES

Aínda non sabía por que voltara alí. Non lle gustaba aquela xente nin aquel lugar.
- ¿Onde terei o meu sino, onde rematarei?.- E pensaba, pensaba. Todo no mesmo sitio, todo no mesmo lugar, todo igual, e sen embargo voltara ali cando xa conseguira concluír a súa carreira de periodismo.
Por dicilo dalgunha maneira, non lle gustaba ninguén; non tiña xente de confianza. Incluso nin cos seus pais, que o intentaran axudar algunha vez.
Xa no colexio era un rapaz pouco sagaz e por iso moitas veces non o tiñan en conta.
Cando chegou ó instituto, falaba cousas banais con algunha que outra persoa que sentaba ó seu carón, ou incluso para pedir algúns que outros apuntes. Os mestres, ó principio, intentábano axudar, pero chegaba un punto no que tamén eles o ingnoraban.
O único que dixo un dos tres psicólogos que o atenderon foi que "era simplemente unha persoa introvertida e tímido nada máis.
Cando aprobou a selectividade, comunicoulle ós seus pais que se ía vivir á Coruña para estudiar periodismo.
E así, sen máis nin máis, marchou.
Os anos na universidade fixérono, como o psicológo dixera, "máis introvertido", agora, xa non falaba con ninguén, nin tan sequera do tempo. Asistía ás clases asidua e continuamente. Xantaba, ceaba, e saía soamente consigo mesmo.
Algúns crían que estaba tolo; outros, que pertencía a algunha secta e a outros simplemente lles daba medo ou pena. Pasara por onde pasara sempre comentaban algo á conta súa.
Rematou a carreira no mínimo tempo que lle foi posible e non sabía que facer; porque a verdade era que nin el mesmo sabía por que escollera o periodismo. Non lle gustaba a xente, non o que lle podía ocorrer. El tan só quería pasar o rato.

A saber por que a súa nai se persignou tres veces e díxolle:
- ¡Meu filliño... ! - O miralo.
Sería polas súas pintas, a barba de dúas semanas, os cabelos longos e toscos e os ollos como os dun exconvicto asasino.
Coido que, o acolleu por vergoña ou, polo que diría a xente.

Non saíu do seu cuarto nunha semana; a súa nai creu por unha vez que morrera a causa dunha sobredose. Non saía nin para comer, nin para sequera mexar. E o máis estraño de todo era que nin facía ruído.
A fin de contas, e xa pasado este tempo, decidiu saír da súa toba. Tiña todos o ollos morados e a boca seca, parecía un esmirriado, e o seu cuarto un cabozo; cheiraba igual cunha gaiola de leóns. Parecía que o único que fixera fora durmir, xa que a cama era o único desfeito. Non había equipaxe.
- Tan só el, tan só el e a súa loucura-. Repetía a nai.

Vagou pola casa toda a mañá ata que o seu pai chegou. Este non sabía como enfocar a historia, pensaba que non sabía falar e que tampouco escoitaba; así que, o que fixo foi, arrastralo ata o cuarto de baño e rocialo con auga ben fría para que espertase.
Sen dicir nada, deixou que o seu pai o bañara, o afeitara e lle cortara un pouco o cabelo.

Cando a súa nai chegou da igrexa, persignouse tres veces e dixo: - "Meu filliño".
Deulle de comer coma a un cativo e acunouno no seu regazo durante longo rato. Deulle un bico e volveulle dicir. "Meu filliño". El mirábaa continuamente sen pestanexar, nin sequera estaba pensando.
A vella consoultouno co cura para ver que podería facer, aínda que tan só lle dixo que o levara á igrexa todos os domingos e algún día máis. Así que, dese modo, empezou a súa vida católica, aínda que ó seu pai non estaba de acordo. Pero como el non se queixaba nin dicía palabra, non podía facer nada.

Pasou medio ano; logo medio máis.
- Leva xa tempo de oración. -Díxolle o pai a nai- e hora de que faga eu o que me pareza para solucionalo.

Sen preguntar á nai por que ese día non ían á igrexa, subiu á camioneta co seu pai. Xa era tarde, pero non se inmutou.
Entraron en tabernas onde lles serviron bebidas de todas as cores e sabores.
- ¿Queres meu fillo?-.
Non respondía, bebía o que lle ofrecían. Así ata moito máis tarde. Pechou os ollos e sentiu como alguén o metía na camioneta de novo. Todo lle daba voltas, sentía que o seu ser se estaba movendo por dentro, ata que unha sensación noxenta lle fixo que a boca selle abrira e os ollos lle chorasen.
Xa mellor, chegaron a unha casa grande de luces de moitas cores. As máis grandes de cor vermella poñían: "A TUA PARADA".
Entraron:
- ¡HEI!, ¿a quen traes aquí?-. Unha muller que xa estaba para o San Martiño foise achegando a eles, pouco a pouco. (Tan apresa coma as súas patas llo permitían).
O saúdo foi... Era máis ben unha muller alta, xa que cando se achegou ó pai agachouse e este meteu a cabeza no seu enorme busto. (Talla 130, coido eu). Así que, como ese era o saúdo, achegouse a el, colleuno por detrás das orellas e introduciu a pequena cara naqela carne.
Nin se inmutou.

- Nótase que está bébedo-, díxolle a muller ó pai. - Coido que se vés aquí é por algo. ¿Ti queres a de sempre, equivócome?.
- Non, claro que non.
- E para o rapaz, ¿unha mociña? Ou..¿queres outra cousa, meu fillo? .

Non dixo nada. Só miraba para aquela 130, que lle debeu de dar algunha impresión.
Aquela muller case sen dentes riu sen poder conterse.
- ¿Así que queres isto?. Teño o perfecto para ti; a miña irmá. ¿Paréceche?.

Unha man agarrouno con forza. Era outra muller, debía de ser a irmá da 130. Era morena, un pouco máis fraca e baixa cá outra, pero tamén tería unha 130.
- Ven, voute levar a un lugar moi fermoso.

Entraron nunha habitación en penunbra onde ela lle preguntou se quería a luz acesa. E como el non dixo nada, colleu a morena e acendeu dúas lámparas de cor lalanxa que lle daban ó sitio un aspecto acolledor. Despois comezou a música que para ela debía de ser afrodisíaca, non sei.
- ¿Qué che pasa, non che gusto?. ¿Estás bébedo, non si?. A ver, ven aquí que che axudo.

Baixoulle os pantalóns; el comenzou a súar de forma incontrolada e por un momento emitiu un son.
- ¿Que che ocorre meu gatiño, gustache?.

A morena meteuse na cama e el empezouse a vestir de novo.
- ¡Ei!. ¿que vai ser isto?. ¿Non queres rematar?. Achégate.



- Non se inmutou-. Dixo a morena á 130, cando os dous homes xa marcharan.

Chegado á casa, xa ben na mañanciña, meteuse no seu cuarto sen dicir palabra pechouse durante outra semana.
Despois do seu desterro, saíu á rúa e contemplou fixamente a todos os traseúmtes. Camiñou durante longo rato sen parar.
"As mesmas caras, as mesmas xentes"
Chegou á casa, meteuse de novo na cama. Os seus pais non comprendían nada, non falaba con eles dende o ola de chegada daquel tempo atrás.
- Non lle pasa nada, é un rapaz moi reservado, "meu filliño"; repetía a nai.

Esa noite foi a máis longa de todo do tempo do que levaba na casa dos seus pais. Cando espertou, non sei que hora era, dixo en voz alta.
- ¡Adeus!.
- Ola e Adeus, ¿sabes ti muller cando voltara de novo?-. Preguntou somnolento o pai.

Non sabía onde ir, aínda non o tiña moi claro, só quería sair dese mundo de tolos, de modo que voltou de novo para A Coruña, onde a ninguén lle importa o que fan os demáis.
Buscou un piso, máis ben apartamento, de mala morte e aloxouse alí durante un mes case sen saír.

Petaron á porta. Testemuñas de Xeová. Escoitounos durante todo o día e logo cavilou un pouco. Se o mundo ía rematar dentro de poucos anos, tería que, polo menos, traballar unha vez e deixar de vivir a costas dunha pequena axuda que lle pasaba o seu tío.

Mercou o periódico, pero todos os anuncios dicían:

NECESITASE MOZO PARA REPARTOS
IMPRESCINDIBLE CARNET
CHAMAR A . . .

CHICA BUSCA CHICO/A QUE
CUIDE DE DOS CACHORROS DE
BOXER. LLAMAR . . .

A verdade era que isto non lle chamaba a atención. Así que decidiu acudir a un periódico de por alí, a outro e por fín ó derradeiro.
Nunca falara tanto na súa vida, pero conseguiu que lle deran un posto naquel lugar.

- Redactor de esquelas.-. Ben, non está mal, digo eu, algo é algo.
Traballou arreo durante dous anos. Os compañeiros tíñano por unha persoa demasiado introvertida, pero ó seu xefe gustáballe a súa seriedade e tolemia.
- Vén para acó home-. Díxolle un día. - Teño unha boa noticia para ti. Verás, teño moitos amigos-. El asentía. - Quizais máis dos que mereza, e ti cáesme ben, e considérote un deles; gústame a xente seria e responsable; precisamente o outro día falando cuns amigos; xustamente o director do periódico de máis tirada de por aquí díxome que estaba buscando a unha persoa seria e responsable para ocupar a sección de comentarios. Preguntoume se eu coñecía a alguén e a verdade é que si coñezo. Creo que tes moito que dar home, non só nas esquelas. Deille o teu nome e díxome que hoxe mesmo pasaras pola súa oficina para coñecerte-. Os ollos del iluminároнse e o xefe riu a gargalladas. -Non te estrañes, é verdade. Téñote como un fillo e quero o mellor para ti, así que quero que teñas sorte e machaques ós teus lectores. Corre, recolle xa as túas cousas. Sen pensalo correu á súa mesa despois de coller o enderezo ó que tiña que ir. Deixou todo alí, menos as súas gafas e as chaves da casa.

Mentres baixaba no acensor pensou que esa era a súa oportunidade. Pero de súpeto, mirouse ó espello, non podería ir cuns pantalóns rotos e unha camiseta de coca-cola. Quería causar boa impresión, así que decidiu mercar algunhas cousas e amañarse un pouco....

Chegou á editorial máis ben, máis suoroso do que debería estar, pero pareceu non ter importancia, xa que o resultado foi mellor do que se podía imaxinar.
- Gústame como falas, rapaz. És intelixente e iso é o que estou a buscar. Non se fale máis quedas encargado da sección de comentarios, se ti queres.
Os días transcorreron escribindo sobre calquera tema: a vexetación, o cambio climático, a política... Moitos destes artigos foron relidos polas mesmas persoas e premiados verbalmente. (Non sei, á súa forma de escribir).

... Hai xente que non MIRA MAIS ALA DA SUA BARRIGA,
e hai outra que non MIRA OUTRA COUSA QUE A VIDA DOS DEMAIS....

Poucas veces, (ainda que podo dicir que foi a única), fixo este tipo de comentarios.

Era moi famoso en toda a sección, ata podo dicir que o era en todo o periódico. O seu xefe tíñalle moito aprecio, aínda que non falaban moito e cada vez que alguén preguntaba algo sobre el ninguén sabía que dicir realmente.
- Pois si, realmente é bo.
- Si, redacta moi ben...
- Non sei, soamente escoito comentarios que fan del, e leo os seus artigos.
Realmente a xente falaba del. Era moi coñecido naquela zona e el sabíao e recoñecía que o era. Pero a pesar diso, seguía mantendo o seu pequeno apartamento e os seus pantalóns roídos con aquela camiseta de coca-cola eran os seus amigos fieis, os seus compañeiros inseparables, os seus amantes de día e de noite.
- Non sei por que non te vés a vivir máis cerca e mercas un coche, que ben sei que che fai falla. Pero por máis que llo dicían, el non facía nada ó respecto.

Pasaban os meses e crecía a reputación, pero logo decidiu voltar á súa casa. Xa levaba dous anos fóra e os seus pais non sabían nada da súa vida; era máis, o seu tío comunicáralle que a súa nai non andaba moi ben de saúde.
Así que foi.

Deses días non podo dicir nada do que non dixera xa. Todo igual, a mesma xente. A súa nai morreu ó pouco, non antes de persignarse tres veces e dicir "MEU FILLIÑO", e esa mesma noite o seu pai quixo levalo a "A TUA PARADA".

- Para aliviar as penas, home, nada máis-. Dixéralle o vello.
Pero non lle deu tempo a máis, xa que cando estaba coa 130 tamén morreu.
Non podo dicir que non estivera apenado. O fin e ó cabo ambos os dous eran pai e nai e morreran no mesmo día, na mesma vez, un só susto, unha soa...
- Podería ser peor-. Pensaba.

A súa pinta non mellorara moito, pero tiña algo que non tiña anos atrás. TRABALLO, BOA REPUTACION E CARTOS. Por iso a xente non o miraba igual.
Realmente, todo aquelo dáballe noxo, sobre todo os recordos, aquela igrexa, "A Túa Parada", aquelas tabernas, aquela xente.
Puxo en venda a casa sen baleirar nada e liscou.

"QUERIDOS LECTORES: Pode que esta sexa a última vez que poidades escoitar os meus pensamentos sobre este... (mísero) mundo.
¿Por que?, pregúntome todos os días. ¿Por que a todo o mundo lle interesa a vida dos demais?
¿Por que tes que falar sen gañas?. ¿Por que tes que facer o que en realidade non queres?
¿Por que cada un non se interesa pola súa vida e xa está?
Estou farto de que me pregunten, de que me falen, de que me miren ou me chamen. Teño dereito a ser coma son.
Non me teñen por que gustar as mulleres..., e tampouco os homes (porque sei que neste mundo tes que explicar todo, porque todos entendedes e interpretades as cousas coma a vós vos dá a gaña).

Pai non necesito ir de putas para desafogarme, non quero, non o vexo necesario, non son como un can detrás da cadela. Non papá, esa noite non quería ser un home.
Esa muller... aínda teño pesadelos por iso pai ¡TI!, non sabes o que é ter a esa de 75 kilos enrriba túa, movéndose, tocándote e palpándote, ¡E UN NOXO!.
¡TI PAI!, ¡TI FUCHES O CULPABLE!.
¡NON!, Non son maricón coma algúns xa credes, ¡Non!, non o son porque tampouco me fai falla. ¡Son simplemente un home que vive á forza a súa vida, que sempre está esperando e esperando a que se cumpra o seu desexo!

NON SON COMO TODOS CREDES.

¿De que me serven todos os PREMIOS?. ¡VEÑA!, ¡DICIDEME!, ¿para que coño me serven?.
¿Para dicirme que son bo escribindo?. Iso non necesito que mo garanticen. ¡XA O SEI! ¡NON!
Tampouco son vaidoso, VIVO NO MUNDO REAL, VIVO (por agora). VIVO AGUANTANDO A VIDA.
Si, nai, aguantándoa; ti crías que por ir todos os días á igrexa eras unha persoa MELLOR:
¡ANDA VEÑA!, ¡que aínda lle mandaches ó cura que me fixera non sei que porque crías que estaba endemoniado!

¡Non foi cousa do demo! Non, nai, que dende que acabei a carreira quixera descansar, deixar os pelos longos e non me lavar.
¡NON NAI!, ¡ISO NON FOI COUSA DO DEMO!
¡Fuches ti a CULPABLE!, ti sempre criches que eu ía ser o mesmo, que non ía cambiar, (¡MEU FILLIÑO!), o mesmo PASPAN.

Paseino tan mal nese tempo, nai e pai, que non me apetecía nada, nin comer, nin beber, nin sequera falar con ninguén, só durmir, durmir, quería DURMIR,. ¿E vós que fixestes?.
Todos probastes comigo as vosas receitas. Nai á igrexa, e co pai de putas.
¡¿E Eu?!, ¿Que ía facer?. Non sei.

Dáme a risa, tamén criades que andaba na droga (ja, ja).
Cando cheguei aquí, á cidade, todos me miraban coma un bicho raro pola miña forma de vestir ou andar, ou porque crían que o meu aspecto parecía o dun tolo, sempre críticas, críticas e críticas ¡e xa estou farto! ¡FARTO!, de vós, ¡pais!, de vós ¡LECTORES ! De vós ¡CIDADANS!, de todos os GALEGOS os ESPAÑOIS, que tedes a puñeteira manía de xulgar á xente pola súa cara externa. ¡E ISO QUE MAIS DA! . dis ti.

Pero a verdade é que doe cando ves a unha muller co seu fillo da man e que o obriga a cruzar de beirarrúa ó mirar un vagabundo ou calquera outra persoa que lle parece que non está a súa altura.
¿¡Que me dicides dos animais!?, ¿Non son mellores eles que as persoas?. ¿Cando está un mal, cando morre un, non están apenados os outros?.
¡Moito!, ¡Moito temos que aprender dos seres irracionais!, ¡Nós, que nos chamamos "persoas" uns os outros. Humanos. Seres razoais. ¿Somos o que en realidade quereriamos ser?.
¡DIREIVOS QUE NON!, Non somos nin como quereriamos ser, nin como deberíamos ser, ¿E iso porque?. Pregúntome.
¿E que esta adicta sociedade non nos deixa ver máis lonxe das nosas narices?. Culpable de todos os males. ¡Adicta sociedade que empreñas nas túas miserentas entrañas, todo ser polo que non paga a pena chorar. Que pares o exterior, todos os cúmulos de odio e miseria dos peores fogares, e que crías con sublime esperanza o que mañá non vai poder voltar a ser hoxe!
Adicta sociedade que corrompes, corpos, mentes, almas e corazóns, ¡CULPABLE!. De todo canto mal nos rodea ¡ADICTA!. Chea de merda ata as máis profundas entrañas.
Piollos e arañas recorrenche o corpo e ti non fas nada.
¡ SEXO CORRUPTO!, que non chega a nada, sexo por sexo e ¡DROGA POR DROGA! . Todo para intentar conseguir colmar o vaso que non colma.

FILLAS DE SATAN RONDAN AS ESQUINAS.
MOZOS NOS SUBURBIOS PINCHAN ATA OS COLLONS.

Xa non queda nada.
¡INXUSTIZA! ¡PUTA INXUSTIZA!
¡O Sistema! ¿qué é o sistema?.
¡O Sistema!....

Non fai falla que entendades nada, xa sei que a maioría de vós non o entenderá, Non me importa...
Todo isto é o que levo calado durante todo este tempo, todos estes longos anos, toda esta inútil existencia que me dá o que lle chaman vida.
¡JA VIDA! ¿qué é a vida?

VIDA

Aínda que non podo ser egoísta e non direi que todo foi malo. Doulle as gracias o meu xefe, que aínda que non vai ler isto antes de ser publicado, teño a esperanza de que o comprenda como escritor que tamén el é. E tamén ó meu anterior xefe, por confiar no meu silencio.

E aí deixo todo isto escrito, que non é máis que iso, UN ESCRITO:
¡É unha mágoa que non se poda facer máis!.

Moitas liñas mal trazadas que pasarei a ordenador para que parezan máis pequenas. Non vos pedirei perdón LECTORES, si por algún motivo vos OFENDESTES nin a ti nai e pai falecidos, porque coido que non paga a pena, preocuparse por quen non paga a pena.

ISTO É O QUE ENSINA A NOSA SOCIEDADE

EN MEMORIA DE EL Quen REALMENTE FIXO ALGO.
29/II/1960-28/II/1996

Recordos dos teus XEFES.

PAULA GRAÑA
5.° ADMINISTRATIVO

PISANDO FORTE

Na Galicia rural a construcción das zocas tivo unha relevancia moi notable sobre todo nos invernos posto que facían uso delas para transitar polas enfangadas corredoiras e traballa-las terras. Inda hoxe se seguen a elaborar pero a demanda vai en notabel descenso.

Os Zoqueiros autóctonos facían o calzado de maneira tradicional e artesá, ben para o propio uso ou para o mercado; andaban por feiras, romerías, etc.. e abastecían ós veciños. Esta difícil profesión era de tradición familiar transmitida de xeración en xeración alternándoa con outras actividades agrícolas e gandeiras. A materia prima era recollido nos montes e fragas da comarca, preferentemente: bidueiro, amieiro, cerdeira, freixo, faia, e un longo etcétera de materias primas que cumpriran as condicións de lixeireza e facilidades de traballo.

¿Como se fai unha zoca?

Nunca mellor dito os nosos antergos souberon moldear e retorma-las distintas madeiras e adaptala ó pé humano. Consiste en:

1.ª- Dar coa árbore axeitada para a construcción.
2.ª- Toma-las medidas e adapta-la ó leño
3.ª- No burro de debastar ou picadeiro dáselle forma ó exterior da zoca.
4.ª- Logo co burro de furar dáselle a forma interior á zoca adaptándoa a cada pé.
5.ª- Afina-la peza, perfeccionándoa e lixándoa.
6.ª.- Decorar segundo o tipo de zoca: madreñas, zocos, etc., revístese con unto de porco ou sebo de cabalo para maior duración.

¿Que zocas queres?

ZOCAS: segundo as zonas de procedencia existen diferentes tipos: na Terra Chá pintábase de cor negra e labrábanse como se de prata se tratase, deixando a cor da madeira destacando sobre o negro. Na mariá Luguesa eran somente da cor da madeira e con diferentes formas; Chinelas, Fuciño de Cocho, de Bota Alta e unhas zocas especias para os nenos.

MADREIÑAS: son de construcción parecida ás zocas só que, no canto de levar un tacón sinxelo, levaban triple tacón e cuns gravados moi característicos nun fondo negro ou vermello escuro. Eran máis empregadas noutras comunidades do Norte peninsular.

ZOCOS: é un calzado coa base de madeira e a parte superior de coiro con forma abotinada facendo uso de cordóns. A maneira de facelos non é outra senón a de preparar a base segundo as dimensións do pé; logo faise a parte superior axustada ó pé refórzase cunhas tiras de coiro, ensébanse logo de ser cosidas.

Testemuña dun vello zoqueiro

Unha vez estando eu zoqueando e cando estaba dando por rematada a zoca, xa lixando as derradeiras estelas, caeume unha zoca no lume e pillei medo de ter que facer outra pero salvoume a rapidez e conseguin salvala preciada leña das fouces do lume.

Lémbrome doutra vez que, cando eu ía poñe-las zocas para ir leva-las vacas ó pasto, vestinas e o meu pé topou cun rato que tentaba gorecerse do frío anque inesperado berce.



FREEDOM

If itwasn´t for all this sadness that invades me.
For alls this misery that covers me.
For this pain that vanquishes me.

If wasn´t for this cruelty,
I woud be happy.

I would wear white
and I would walk on the beach
whit the hair loose,
bathing my feet
in the salty white foam.

The breeze would caress me
and it would whisper in my ear
something seductive...

I would open my arms.
I would breathe deep
as if it was
the last time.

I would close my eyes
I would´nt think of anything.

And little by little
I would raise myself...

I would get to heaven
and I would see God.

I would demand from him many things.
Happiness, Freedom...

And I would raise myself in a cloud
and in it, I would rest.

I would come down in a drop of water
to a new beach,
and in it
I would fulfill all my wishes...

If it wasn´t for all this sadness that invades me.
For alls this misery that covers me.
For this pain that vanquishes me.

If wans´t for this cruelty,
I would be happy.

PAULA GRAÑA
5.° ADMINISTRATIVO

Camiñando polo Xistral

A Parroquia de San Xurxo do Cadramón pertence ó Concello do Valadouro. Está situada ó S.O. do municipio e dista 11 kms. de Ferreira -capitalidade municipal- á beira da estrada que conduce a Abadín. Forma parte do Arciprestado do Valadouro, da diócese de Mondoñedo-Ferrol.

O seu territorio limita polo Norte coa parroquia de Frexulfe, do mesmo Concello do Valadouro; polo Sur, coa Parroquia de Labrada (Concello de Abadín); polo Leste, coa Parroquia do Pereiro (Concello de Alfoz); e polo Oeste, coa Parroquia de Silán (Concello de Muras).

Topónimos

A Parroquia, cunha estructura coma calquera outra de Galicia, está formada polos seguintes Barrios e Lugares: Abilleira, Albardo, Andamil, Balsa, A Barreira, Campo, Cancelas, Casa de Riba, Cortegaza, Corvelle, Costa, Chocha, Esteleiro, Ferrocente, Folgueiras, Fonte da Vila, Liñarega, Loureiro, Muxueira, Pardiña, Pereira, Porto do Río, Regocavado, Rozadas, Tituelo e As Veigas.

En canto ó aspecto xeográfico, O Cadramón sitúase nunha das ladeiras do sistema montañoso de Senra do Xistral, na súa vertente Leste. No seu entorno encóntrase o Pico do Cadramón, que é o lugar máis alto de todo municipio, cunha altitude de 1.056 mts. Neste lugar, desde onde se pode apreciar unha fermosa paisaxe, hai anos que se instalou un reemisor de T.V. que dá servicio a unha ampla poboación da provincia de Lugo. Tamén desde hai uns meses estanse instalando uns aeroxeneradores nesta zona para a producción de enerxía eléctrica.

Outros montes e lugares significativos con fermosas vistas son os seguintes: Campo de Carballido, Coto do Cadramón, Fonte das Barrosas, Fraga das Leiras, A Furna, Laxes de Canto, Marco de Antón María, Penas de Broiteira, Pena da Cadela, Pena das Eixas, Penedo de Batal e o Pico do Boi.



A rede fluvial é importante xa que nas súas inmediacións nacen varios ríos. O Masma, que nace co apelativo de rego Pedrido, ten a súa orixe na aba oriental da serra do Xistral, a uns 900 mts. de altitude, entre o cume do Xistral e o pico do Cadramón.

O rio Ouro nace tamén na serra do Xistral, na vertente oriental, máis concretamente na ladeira L. do pico do Cadramón, a uns 700 mts. de altitude. Segue en dirección SO-NE ata as proximidades de Esteleiro, onde recibe o río Furna, que lle aporta as augas das vertentes setentrional e occidental do Cadramón.

Esta rede fluvial complétase co Rego da Laxe, Rego da Pena Moura, Rego de Pego Mouro, Rego de Gorsiñas, Rego de Solloso, Rego da Pelota e Rego da Barreira.

Dentro dos seus límites tamén se encontra a Fervenza de Escouridal, un lugar pouco visitado pola dificultade do seu acceso.

Poboación

A Parroquia conta con 232 habitantes (124 mulleres e 108 varóns), que se dedican principalmente á gandeiría e á agricultura. Hai uns anos levouse a cabo un plan de traballo común para o aproveitamento dos prados, sobre todo nos terreos máis elevados.

O gando que máis abunda é o vacún e o cabalar. A ovella é outro animal habitual destas terras, aínda que, en menor medida. Hai que citar neste apartado a Rapa das Bestas alá polos meses de maio ou xuño. Non ten a sona doutros lugares, algún deles cercano, pero garda o "sabor tradicional", xa que se xuntan varios veciños para facer este labor e constitúe un fermoso espectáculo.

ObXeCtos Voantes NoN Identificados
REALIDADE OU FICCIÓN

Quizais nos acompañaran dende o principio dos tempos, quizais nos axudaran a evolucionar, quizais... todos esteamos equivocados.

Dende que se fixo o primeiro avistamento ovni ata hoxe tiveron lugar moitas investigacións, elaborándose documentos e declaracións, das cales algunhas foron reveladas e outras están censuradas.

O primeiro avistamento ovni foi feito o 12 de Agosto de 1883 por José Bonilla, México; dende este momento comezou a longa investigación, en serio, dos obxectos non identificados. Investigación que deu diferentes resultados dependendo da seriedade de quen a levase a cabo.

Independentemente dos resultados, a *única solución real é que hai algo, que non* sabémo-lo que é, pero que nos intriga.

Desde logo, algo ocorre: sexan naves extraterrestres -ou terrestres, como cren algúns-, o certo é que están aí, e non precisamente dende agora.

Xa nos debuxos rupestres se aprecian imaxes que recordan perfectamente ós obxectos avistados na nosa época. Non só debuxos de "naves" senón tamén de seres antropomorfos acompañándoas. ¿Significa acaso que seres extraterrestres nos visitaron en épocas remotas? Algo debeu acontecer para que os homes das cavernas considerasen importante plasmalo nas covas, onde reflexaban escenas cotiás coma a caza.

Xa nos nosos dias, ós avistamentos houbo que engadi-las abducciónes e os contactados. Chámaselle abducción ó feito de que unha "nave extraterrestre" leve ó seu interior a unha persoa e a someta a diferentes exames e probas médicas; todo isto segundo explicaron os que aseguran que foron secuestrados polos alienixenas.

Por outra banda, chámaselle conbctado á persoa que asegura ter contacto, xa sexa fisico, telepático ou doutra indole, con seres interplanetarios.

O matrimonio Hill, no EEUU, foi o primeiro

Unha sombra dese tamaño non pode *ser un avión e menos na órbita de Marte.* ¿Que era?

En España foron, e son, moitos os casos de avistamentos e, non só de naves, senón tamén de seres de todo tipo e morfoloxia. Dende os tipicos grises ata seres xigantescos, ou seres de luz transparentes.

As consecuencias dun avistamento na terceira fase poden ser varias, dende que a persoa quede paralizada, pero cos sentidos alerta, ata enfermar e chegar a produci-la morte. Algúns, sen embargo, aseguran ter conseguido abri-la súa conciencia e ter poderes paranormais ou de sanación.

Obviamente as persoas de a pé non sabemos de que se trata, porque na maioría das ocasións a información que nos chega está adulterada ou censurada.

Hai momentos nos que non se sabe a quen crer, pero o que non podemos facer e cerra-la nosa mente ó descoñecido e nega-lo todo por despeito.

Dixose que os ovnis poden ser naves

terrestres, prototipos dunha tecnoloxía avanzada e secreda. Deseños sacados de naves extraterrestres capturadas, ou incluso prototipos feitos en cooperación con extraterrestres que traballarían en segredo como aliados "nosos" en relata-la súa experiencia de abducción a través da hipnose regresiva, mediante a cal recordaron todo tipo de detalles que o seu subsconsciente gardara xa fose por temor ou por un feito imposto.

Georges Adamsky foi un dos primeiros contactados. Dicía recibir mensaxes de Venus e conseguiu unha ampla colección fotográfica de ovnis, que por entón eran denominados "pratiños voantes" pola forma que adoitaban ter e que recordaban a dous pratos sopeiros invertidos.

O goberno estadounidense non deu creto ó Señor Adamsky, culpándoo de mentireiro, pero o certo é que á súa morte foi soterrado no cemiterio da Arlinptonn, onde se soterra os heroes da patria. ¿Casualidade?

Non só en EEUU se viron ovnis; son avistados dende todalas partes do globo, e ... dende fóra del.

Moitos foron os astronautas que aseguraron ter visto naves descoñecidas, acompañándoos nos seus voos á Lúa ou Marte.

Incluso, nunha gravación recollida nunha estación de seguimento en Madrid, do primeiro voo á Lúa, pódese oír como o comandante Amstrong comunica a Houston que na Lúa hai seres que non son humanos e teñen moitas naves. Fragmento da conversación:

"-Comunicolles que aqui hai outras naves especiais. Están unha ó lado da outra, en fila, do lado máis afastado do borde do cráter...-"

Por suposto, a conversación foi censurada, pero houbo testemuñas que aseguraron escoitala, entre eles José Antonio Silva, piloto de aviación que neses momentos observaba todo no centro de seguimento.

Nunha das viaxes a Marte das naves rusas, recolleuse a imaxe dun obxecto distante que orixinaba unha sombra de 50 Km. de lonxitude.

Esta información está recollida xunto con outros datos importantes en varios videos, ós que se pode acceder sen ningún inconveniente.

O falar diso, relaciónase deseguida coa Area 51, unha base militar no deserto de Nevada onde se di que estrañas naves sobrevoan a zona facendo espectaculares xiros imposibles de imaxinar.

Nesa zona o paso está restrinxido e só acceden militares. O profesor Lazar, que traballou nese laboratorio, di que alí hai extraterrestres que supervisan as operacións de deseño e mantemento, pero ¿son realmente extraterrestres?, ou ¿quizais son humanos con máscaras para levarnos a todos a un equívoco?

Falouse moito dos implantes a abducidos e das mutilacións de gando, supostamente provocado todo isto por seres doutros mundos, pero ¿é certo?. Ultimamente sóubose que en Inglaterra se implantou o primeiro chip nun humano, un chip que conecta á persoa á rede informática. Pero tamén existen chips que controlan ás persoas para saber onde se atopan en todo momento e, se isto xa é unha realidade, suponse que para leva-lo a cabo houbo de facerse algún tipo de probas, ¿con quen?.

O mundo, e con él a ciencia, cambian e avanzan vertixinosamente, cousas que hai moitos anos parecían imposiblles, de ciencia ficción, agora son realidade, e quizais nos levemos moitas sorpresas nun futuro non moi lonxano.

- Quizais todo isto se resume nunha famosa frase de Elnard que di: "Hay outros mundos, pero están neste".
¿Vimos do futuro a vixiar que non cometamos erros que leven a algún tipo de destrucción do mundo futuro?.
Quizais todo sexa diferente do que vemos e cremos, e moito máis sinxelo.

FELIPE EXPOSITO RIO

"Todos queren que esqueza
o teu ollar, o teu sorrir
os teus momentos
e a túa calma,
...¿como queren que esqueza?
¿ou é que se esquece a alma?

Quixera saír de min
abandonar este corpo
que á súa vez foi abandonado
pero, se ti estás
...¿cómo hei de abandonalo?

Se puidera escaparme da túa voz
se puidera borrar o teu nome
se puidera arrincarme o corazón
se puidera renegar de ti, do home...

pero non podo,
e outra volta volverei entregarme,
coma madeira seca
baixo as túas laparadas queimarme.

"Queimádeme...
queimádeme, malditos espíritos,
arrincádeme esta vida
que eu non me tomo a molestia de vivir.

Magoádeme nas entrañas
e cortádeme vilmente
as ás da fantasía...
queimádeme,
quitádeme a vida.

Levádeme deste mundo
onde somos seres caducados
desta arcadia onde os amigos
son máis crueis cós estraños.

Queimádeme
Ardamos todos."

Xa non busco
nin atopo
só levo unha mágoa
metida dentro.

Bastante fago xa
con levantarme polas mañás
cando realmente quixera durmir
e non espertar máis.

¿Onde estás luz?
¿Onde o amor?
¿Acaso existe algo
que apacigue a miña dor?

¿Acaso podo inspirar outra cousa
que non sexa mágoa e compasión?

Quixera vivir, durmir...
nun leito de rosas, sempre,
en algo máis cálido e tenro
que o leito de espiñas que me deches.

Quixera non soñar
non sentir, non sufrir,
quixera morrer sen vivir
quixera vivir sen sentir...

¿Existe algo que me faga esvaerme
dentro do meu cadaleito de serpes?

Agora xa non vivo
nin son, nin existo
nin busco, nin atopo
nin choro, nin río...
... simplemente estou aquí.

¿Quen es?
Dime ¿quen es?

¿De que estraños confíns
arribaches a esta miña ourela?

¿Quen es,
que nada máis chegares,
transformaches en noite clara
esta miña noite de pedra?

¿Por qué só ti,
só ti,
fuches quen de arrincarme daquela tumba
na que alguén me abandoara?

¿Cómo fixeches para calmar
os meus feridos beizos,
víctimas de ilexítimos bicos
dun amor mal curado?

Soamente ti
arrincaches do meu corazón
a estaca cravada daquelas vellas promesas
xa nunca máis cumpridas...

• Gracias,
por entrares na miña vida mansamente
• Gracias,
por arrexuntar as pezas
do meu despedazado corazón.
• Gracias,
por saciar esta sede sempre.
• Gracias,
por seres amante e amigo
e.. graciñas, meu ben,
por teres vido.

RAQUEL REY
4.º ESO - A

Eu fago gravado

ENTREVISTA NO OBRADOIRO DE GRAVADO DO I.E.S. PERDOURO

¿E eso que é?

-IVAN- Collo un debuxo e poñémolo nunha plancha de linóleo ou de metal, entintámolo, pasámolo polo tórculo e logo ó papel.

¿Non é aburrido?

-IVAN- Non, porque o mesmo debuxo podémolo facer en distintas cores e distintas técnicas.

-VERONICA- Ademais aquí podemos falar e ter música mentres traballamos.

¿É o mesmo que debuxar?

-IVAN- Non, co gravado podes facer moitas copias do mesmo debuxo e ir cambiándolle cousas.

-JORGE- Pero é mais dificil o gravado porque, se te confundes ó pasar a imaxe á plancha, logo non ten amaño.

-FRAN- É certo, non se pode borrar.

¿Que foi o que máis che costou?

-TODOS- A "punta seca" e a "augaforte"

-VERONICA- É que entintar, eso é un "rollo".

-FRAN- Leva moito tempo.

¿E o máis divertido?

-JORGE- Cando usamos tintas de cores

-FRAN- Cando Iván se cortou coa coitela de linóleo.

-TODOS- (risas)

Jorge Carballeira Tarrela
3.º ESO - B

Ismael Méndez Couto
3.º ESO - C

ROBERTO BLANCO TORRES

Roberto Blanco Torres naceu en Cuntis en 1881. Foi poeta e xornalista, pertenceu á Xeración de 22. Aínda que estaba máis próximo por razóns de idade á Xeración Nós, el preferiu artellar a súa poesía cos trazos vangardistas que aparecían noutros poetas máis novos do momento.

Fixo estudios eclesiásticos, o que influíu na temática filosófica que aparece nalgúns dos seus poemas. Logo emigrou a Cuba onde viviu algúns anos, naqueles nos que a comunidade galega se amosaba máis activa e recibía as visitas de importantes persoeiros do galeguismo. Alí comeza a súa andadura como xornalista, asinando moitas das súas colaboracións co pseudónimo de Fray Roblanto. Máis tarde regresa a Galicia afincándose primeiro en Ourense, onde dirixiu o xornal La Zarpa, e logo en Pontevedra, facéndose cargo do xornal El Progreso. Ademais disto participou noutras publicación como A Nosa Terra ou El Pueblo Gallego, onde aparecen crónicas de corte irónico sobre a vida galega do momento elaboradas desde unha perspectiva galeguista de esquerdas. Algúns destes traballos foron escolmados por él mesmo, e publicados baixo o título De esto y de lo otro (1930).

Blanco Torres non limitou a súa vida á literatura e ó xornalismo, tamén foi político e incluso acadou o cargo de Gobernador Civil de Palencia que rexentaría ata a súa morte. Debido á represión fascista de 1936 tentará fuxir cara a Portugal e, víctima da violencia desencadeada naquel entón, morrerá preto da fronteira do veciño país, en Entrimo, Ourense.

A revista "Nós", editoulle o seu único libro de poesía Orballo da media noite (1929). A temática é variada: filosófica, cosmolóxica, moral, ás veces estoica... Emprega recursos propios da poesía vangardista: imaxes insospeitadas, terminoloxía futurista, referencias urbanas, liberdade métrica, ... Segundo o profesor Carballo Calero, dentro das correntes poéticas do momento, a poesía de Roberto Blanco Torres resulta dunha orixinalidade innegable.

No adro hai unha labarada,
un resprandor istrano, como dun nimbo
que só no adro refulge.

O redor escuridade, noite pecha,
sombras cabalgadas, silenciosas.

O vento, nos castiñeiros,
alá en baijo,
ten acentos arripiantes.

Brúan por entre o ramaje
as almas dos esquencidos.

No aro grande do nimbo,
que fai escorrental-as sombras,
Deus fai unha escolma de mortos.

"O cemiterio"
publicado en Orballo da media noite (1929)

CAMIÑO DE COMPOSTELA

¡Hola amigos! Como xa sabedes, este é Ano Santo Compostelano e será moita a xente que se achegue a Santiago de Compostela, procedente de diversos lugares.

O Ano Santo ten lugar cando a festa de Santiago, 25 de xullo, coincide nun domingo. Ten unha periocidade de 6, 5, 6, e 11 anos. Este será o derradeiro do século e do milenio. No s.XXI o primeiro Ano Santo será no 2004 e o derradeiro no 2094.

O Ano Santo foi instituído temporalmente polo Papa Calixto II en 1119 e ratificado polo Papa Alejandro III en 1179 pola bula "Regis Aetemi". Deste xeito, establécese de forma definitiva o Ano Xubilar ou Ano Santo, ano de remisión espiritual en Compostela.

Para gaña-lo xubileo non é preciso face-lo camiño. Chega con visita-la Catedral calquera Ano Santo e rezar algunha oración, como o Noso Pai ou o Credo, polas intencións do Papa, ademais de confesarse e comulgar calquera día comprendido entre os quince anteriores e quince posteriores á visita.

Se percorredes a pé, en bicicleta ou a cabalo unha parte do Camiño de Santiago e o acreditades á chegada (polo menos 100 Km. a pé ou a cabalo, e 200 en bicicleta) obteréde-la "Compostela", que é a Certificación Oficial que concede a Catedral de Santiago a aquelas persoas que realizan a peregrinación por motivos relixiosos, sexa ou non Ano Santo, e que cumpran o anterior requisito. A acreditación do camiño realizado efectúase coa credencial do peregrino, na que se van poñendo os selos ou sinaturas das parroquias, albergues, refuxios ou persoas representativas dos pobos por onde transcorre a peregrinación. A credencial entrégase en Asociacións, Parroquias, etc... ou no lugar onde se inicia o Camiño, sendo aconsellable a presentación dunha carta ou documento que acredite e identifique ó solicitante.

Se algún de vós está disposto a face-lo Camiño, os consellos que veñen a continuación poden ser de gran axuda.

Antes de comeza-la peregrinación é recomendable que visitéde-lo médico para que vos faga un recoñecemento e para aconsellarvos. Tamén deberedes realizar un adestramento diario percorrendo cada vez distancias maiores.

Se facéde-lo camiño a pé, primeiro deberedes escolle-la vestimenta e o calzado axeitados. A vestimenta debe ser frouxa e transpirable, para evita-los roces. Ademais deberedes levar roupa axeitada á climatoloxía da época na que realicedes a peregrinación. Non debedes olvidar un sombreiro para evita-las insolacións.

O calzado é fundamental. Debe ser unha bota que suxeite o nocelo, pois os camiños son irregulares, podendo producirse escordaduras que poderían incluso obrigarvos a suspende-la marcha. Tamén a bota debe ser transpirable e impermeable, evitando así as ampolas e micose. Os calcetíns serán de la ou similares e deberéde-los cambiar a miúdo.

Cómpre que levedes con vós un botiquín de primeiros auxilios onde deberedes incluír:

- vendas, gasas e esparadrapo para venda-los nocelos ante unha escordadura.
- antisépticos e desinfectante para as ampolas.
- micóticos para trata-la micose (fungos).
- antiinflamatorios.

A alimentación tamén a deberedes coidar. Na véspera da marcha non debedes realizar unha comida copiosa de dificil inxestión; é conveniente a inxestión de máis azucre, baixo a forma de doces ou mel, do que comunmente tomades. As graxas (manteigas, etc...) deberedes toma-las en cantidades repetidas e pequenas. As proteínas (ovos, cames, peixe e leite) son menos imprescindibles durante o esforzo e ten a súa maior indicación nas épocas de descanso, adestramento e preparación. As vitaminas cubriréde-las co aporte de froitas frescas e froitos secos. A comida máis forte deberéde-la facer ó final da etapa. A sensación de sede calmaréde-la mellor con sopas ou caldos mornos.

En caso de esgotamento pola calor deberedes colocar á persoa nun lugar fresco e darlle de beber líquido abundante (nun litro de auga disolver media culleriña de sal e unha de bicarbonato). En caso de que apareceran cambras acusadas deberedes aumenta-lo sal.

Deberedes ter coidado coas ampolas e dores musculares. As ampolas débense xeralmente a calcetíns mal postos ou inaxeitados, unllas longas ou mal cortadas, calzado mal axistado, calzado sen "domar", costuras, terminacións interiores ou deformidades do calzado. A causa máis frecuente de molestias musculares débese á falta de adestramento, ós esforzos excesivos, ós cambios bruscos de ritmo e a paradas en lugares húmidos.

Se viaxades de noite non olvidéde-los reflectantes. Circulade sempre pola beirarúa do lado esquerdo e evitade crear grupos e amoreamentos na estrada. Facede caso sempre das recomendacións da Organización, Garda Civil, Policía e Cruz Vermella. Os servicios de Socorro da Cruz Vermella realizan un importante Labor Sanitario, utilizádeos só en casos de verdadeira necesidade. Coidade a limpeza dos locais e lugares de acampada e procurade ser respectuosos e amables coa poboación.

Deberedes levar con vós o seguinte material:

* Fotocopia do carné da Seguridade Social.
* Fotocopia do carné de Identidade.
* Libreta, bolígrafos,...
* Guía, libros de apoio, mapas, biblia ou evanxeos.
* Lanterna.
* Bolsas de plástico.
* Bordón, capa, cabaza, vieira.
* Sombreiro.
* Gafas de sol.
* Cámara de fotos.
* Mochila.
* Bo calzado (botas) e zapatillas.
* Chubasqueiro.
* Xersei/cazadora.
* Pantalóns curtos.
* Pantalón longo/ chándal.
* Camisas.
* Bañador.
* Roupa interior (uns cantos pares de calcetíns...)
* Protectores dos nocelos e xeonllos.
* Cantimplora.
* Prato, vaso, culler, garfo, navalla.
* Saco de durmir, aillante, cabeceira inchable.
* Bolsa de aseo.
* Agulla e fio.
* Papel hixíenico.
* Cortaunllas.
* Xabrón de lavar.
* Toalla.
* Botiquín
* Etc.

Antes de saír deberedes escolle-la ruta e planifica-los quilómetros que faredes en cada etapa. Se camiñades durante o verán, procurádeo facer polas mañás para evita-las horas nas que o sol é máis perigoso.

Cando preparéde-la mochila facédeo ordenadamente e en bolsas de plástico para que non se mollen. O máis pesado irá ó fondo e o máis próximo á espalda posible. Non é conveniente levar nada fóra da mochila colgando porque pode mollarse ou perderse con facilidade.

Se decidides face-lo camiño en bicicleta, deberedes te-la en boas condicións. Para iso é aconsellable leva-la a un mecánico. É conveniente comprobar que todo está perfectamente axustado e sincronizado, e non esperar ó día de partida para estrear bicicleta.

Teredes que engadir obrigatoriamente unha serie de complementos, como por exemplo as alforxas e a grella portaequipaxes sobre a roda traseira, que será onde transportaréde-la equipaxe. Tamén vos será de grande utilidade o triángulo ombreira que se coloca baixo o asento. Nel poderedes leva-lo equipo de ferramentas. Podedes completa-la zona de carga da vosa bicicleta cunhas pequenas bolsas que se adosan ó guiador nas que podedes leva-la documentación persoal e a da ruta. Se a bicicleta no dispón de "rastrales" ou "calapiés" é conveniente instalarllos. Os cornos acoplables ó guiador da bicideta de montaña poden ser outro elemento de gran utilidade especialmente para os tramos de estrada e para as zonas chas onde con frecuencia sopra un forte vento. Tamén resultaría interesante que instalarades un velocímetro con contaquilómetros que vos axudará a planifica-la ruta sobre a marcha.

É necesaria unha boa preparación física. Se estades iniciados xa en percorridos en bicicleta de montaña chegará con manter un ritmo de saídas en bici máis ou menos estable e acostumarse a algúns elementos que poden resultar novidosos. Por exemplo, é importante que vos aclimatedes a viaxar por lugares estreitos ou salvar fortes pendentes coas alforxas da bicicleta cargadas. Será interesante que perfeccionéde-la técnica sobre zonas rochosas e con lique. Se pola contra é a primeira vez que vos achegades e unha grande travesía neste medio, deberedes comezar por un proceso lentó de aclimatación, tanto á bicicleta como ós percorridos por camiños, zonas de fimme irregular, etc. Non convén que vos obsesionedes con facer quilómetros. É suficiente que comecéde-la preparación un mes antes. A última semana teredes que practicar coas alforxas sobre a bici e utilizando os mesmos materiais que levaredes despois.

É preciso que sexades capaces de solventar por vós mesmos os pequenos problemas mecánicos que se vos poden presentar.

Antes de saír teredes que planifica-lo percorrido que seguiredes, tendo en conta a época do ano, para que o estado da ruta estea nas mellores condicións.

A equipaxe será a mínima imprescindible xa que só disporedes de dúas pequenas alforxas na roda traseira, unha grella e, opcionalmente, un bolso portadocumentos no guiador.

A indumentaria que debedes utilizar consiste en: un maillot e culotte, bota de bicideta de montaña ou zapatilla de sola dura, luvas, gafas de sol, sombreiro, un chubasqueiro lixeiro e un casco. Ademais debedes levar tamén un par de camisetas de algodón, calcetíns, un bañador, un forro polar ou roupa de abrigo, unhas zapatillas lixeiras, un conxunto de roupa limpa (de rúa), toalla, útiles de aseo (é moi importante a crema solar, calquera que sexa a época do ano), roupa interior e a documentación persoal.

Se realizade-lo camiño noutra estación que non sexa o verán teredes que engadir un maillot térmico, un culotte longo, un gorro de montaña e luvas de neopreno.

Outros elementos básicos son o saco de durmir, a esterilla, así como un equipo instrumental mínimo para pequenas reparacións composto polo menos por unha cámara e un "kit" de reparación de pinchazos, un xogo de chaves exagonais, un desparafusador recto e outro de estrela, unha chave fixa, tres desmontables, un xogo de zapatas, un cable de freo e o inflador. Haberá que incluír tamén unha lanterna frontal, unha cantimplora (de non máis de un litro) e a documentación da ruta. Tamén vos será moi útil un plástico o suficientemente grande como para cubri-lo saco e as alforxas.

Se ides en grupo, teredes que levar un coche de apoio por se a algún de vós vos xorde algunha complicación e non podedes seguir. Se non contades con coche de apoio sempre poderedes botar man da Garda Civil, Cruz Verrnella, ou da Policía.

O longo do camiño contaredes cunha rede de albergues onde poderedes pasa-la noite. Nalgúns deles incluso contaredes con cabalerizas e un lugar para deixa-las bicicletas.

¡BOA SORTE E FELIZ VIAXE!

Paula Salgueiro Rubal.

2° Bacherelato

¿Cal falas tí?

- Portugués
- Catalán
- Alemán
- Galego
- Castelán
- Inglés
- Francés
- Euskera
- Itiliano
- Chino
- Xaponés

Q	B	S	U	X	G	A	L	E	G	O	I	M	D	L	I	B	N	U	X	Z	A
R	A	B	H	I	E	L	I	H	O	I	F	D	L	C	D	M	A	D	V	B	C
A	C	E	G	A	N	C	H	E	G	E	M	O	A	D	F	E	G	A	I	O	S
S	M	D	U	L	O	P	I	O	H	L	H	S	A	L	S	H	A	I	U	S	F
I	A	R	I	S	R	C	S	D	R	L	T	R	L	I	T	A	L	I	A	N	O
T	H	Z	O	M	K	O	A	Q	O	E	A	N	E	V	B	O	C	A	T	E	I
N	I	M	E	A	A	E	U	I	L	I	U	I	M	A	L	E	O	L	O	U	M
Q	E	C	T	U	T	S	R	A	U	U	A	S	A	D	M	X	P	T	R	I	Z
G	X	O	I	T	S	E	N	A	O	L	I	C	K	E	A	H	L	M	E	L	X
A	B	P	M	S	H	O	Z	U	K	C	A	T	A	L	A	N	K	L	Q	U	R
X	C	D	O	H	R	M	N	Z	F	O	X	C	L	B	M	A	P	R	D	A	D
E	G	F	C	R	F	S	A	B	B	X	F	H	E	X	Q	N	L	S	U	C	H
D	M	B	O	F	T	M	Z	X	C	A	K	I	M	Z	O	T	U	Q	U	L	D
L	Z	F	C	H	X	U	T	E	X	P	E	N	A	K	A	N	C	E	S	F	M
N	X	L	T	X	C	D	G	L	G	O	L	O	N	F	H	I	I	X	C	G	D
X	P	O	F	M	E	Z	I	U	L	N	O	S	N	F	P	K	B	A	Q	X	M
L	O	P	A	S	X	M	P	S	E	E	A	B	Z	A	C	P	O	L	U	S	L
I	N	G	L	E	S	B	D	A	N	S	X	Z	D	X	M	C	H	I	N	O	D

Rocío Cayón

2.º ESO - A

Busca (en diagonal e en horizontal) as siguintes palabras relacionadas coa vivenda e atopará-lo nome dun dos I.E.S. desta vila. As letras que van máis grandes é en negro, axudarache a pescudar o nome do I.E.S.

X	N	E	V	E	I	R	A	I	P	O	S	A	S	O	S
F	I	E	S	T	R	A	E	S	C	O	B	A	I	Y	G
O	R	S	A	X	E	S	M	E	R	T	O	S	Y	I	T
M	O	S	A	T	R	P	R	A	D	I	A	V	A	X	M
B	O	R	C	H	Y	T	E	E	N	T	C	G	K	T	A
R	E	B	S	T	A	N	A	R	R	D	M	B	C	M	B
F	M	I	L	P	M	W	B	O	C	S	I	A	P	T	B
K	L	A	R	E	S	A	P	X	A	H	I	L	R	S	W
B	U	S	C	N	S	B	K	R	E	X	A	B	O	N	Y
w	E	P	F	R	O	U	P	A	X	A	C	H	A	N	E

- Nevei**r**a - Fiest**r**a - **P**ercha - **E**scoba - Po**r**ta
- Man**d**ilón - R**ou**pa - Mobl**es** - Xab**ó**n

Jesús Antonio Villarquide Riola
2.º ESO - B

ADIVIÑAS

1.- É un froito delicioso aínda que non é o máis carnoso. A súa pel é vermella e brillante, o seu óso é coma un diamante.

2.- ¿Que é que é que mentres máis grande menos se ve?.

3.- Dúas irmás, mentira non é: unha é a miña tía, a outra non o é.

4.- Sobe cargada e baixa sen nada.

5.- Terá o meu nome feroz cun tercio de Mijores, un tercio de Badaxoz e outro tercio de Linares.

6.- Voa sen ás, silba sen boca, pega sen mans e non se toca.

7.- ¿Cal é aquel pobriño sempre andando, sempre andando, e non sae de seu sitio?.

8.- Entre todas as cousas, ¿Cal pode ser esta que ten dentes e non sabe comer?.

9.- Campo branco, semente negra, dous que a ven, un que a sembra.

10.- Está feita de buratos e a auga retén. Non hai nada no mundo que a súa sede refree.

1.- A cereixa.
2.- A oscuridade.
3.- A nai.
4.- A culler.
5.- O xabarín.
6.- O vento.
7.- O reloxo.
8.- O rastrillo.
9.- O escrito.
10.- A esponxa.

Alumnos do 1.º Ciclo de ESO



CAIXA
GALICIA

CAIXA
GALICIA